

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria celebrada o día 19 de xuño de 2020 aprobou a modificación do Regulamento de creación e réxime de funcionamento de cátedras institucionais, de acordo coa proposta e texto consolidado que se adxuntan.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e Prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE CREACIÓN E RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DE CÁTEDRAS INSTITUCIONAIS

Por acordo do Consello de Goberno da USC de data 07/02/2020 aprobose o Regulamento de creación e réxime de funcionamento de Cátedras institucionais nesta Universidade, procedéndose á súa publicación no Taboleiro electrónico institucional o día 20/02/2020.

Tendo en conta que pode ser de interese da USC participar na creación de Cátedras interuniversitarias, adherirse ás existentes noutras universidades ou ben que outras universidades se adhiran ás xa creadas na nosa Universidade, considérase procedente modificar puntualmente o Regulamento de creación e réxime de funcionamento das Cátedras Institucionais da USC para contemplar estas posibilidades.

En consecuencia, propónse a seguinte modificación do Regulamento de creación e réxime de funcionamento de cátedras institucionais:

Primeiro.- **Engadir ao apartado 1 do artigo 1, o seguinte texto:**

Asemade, mediante convenio, poderán crearse cátedras institucionais de carácter interuniversitario, formalizar a adhesión a outras cátedras institucionais previamente creadas por outras universidades ou que outras universidades se adhiran ás xa creadas na USC.

Segundo.- **Introducir un novo artigo, co número 19, co seguinte texto:**

Artigo 19 . Cátedras Institucionais Interuniversitarias

1. Poderán crearse Cátedras Institucionais interuniversitarias, ou formalizar a adhesión ás previamente creadas por outras universidades, mediante un convenio que deberá recoller obxectivos e finalidades e ser obxecto de tramitación consonte cos artigos 2 e 3 do presente regulamento.
2. A condición de director ou directora das Cátedras Institucionais interuniversitarias deberá recaer nun membro do persoal docente e investigador con vinculación permanente dunha das universidades asinantes cuxa actividade investigadora garde relación co ámbito actividade da cátedra. O convenio recollerá o procedemento de súa designación.
3. Os demais aspectos que afecten o funcionamento da Cátedra Interuniversitaria recolleranse no convenio de creación ou adhesión.
4. Ás Cátedras Institucionais vixentes na USC poderán adquirir carácter interuniversitario mediante a adhesión doutras universidades que se formalizará nun convenio entre todas as partes da cátedra.

REGULAMENTO DE CREACIÓN E RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DE CÁTEDRAS INSTITUCIONAIS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Aprobado polo Consello de Goberno o día 7 de febreiro de 2020)

(Modificado polo Consello de Goberno o día 19 de xuño de 2020)

Preámbulo

Entre as funcións básicas encomendadas ás Universidades, ademais da actividade docente e a xeración de novos coñecementos por medio da investigación, está a súa contribución a través da transferencia do dito coñecemento ao servizo da cultura, a mellora da calidade de vida e o desenvolvemento sustentábel da sociedade.

Ao carón destas funcións básicas no artigo 4.2 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC), aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, menciónanse outras actividades de extensión universitaria entre as que figura a *proxección das funcións e os servizos da Universidade ao contorno social*.

De acordo co disposto no artigo 2.2 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades entre as atribucións e competencias propias da autonomía universitaria figuran a creación de estruturas específicas que actúen como soporte da investigación e da docencia, así como o establecemento de relacións con outras entidades para a promoción e o desenvolvemento dos seus fins institucionais. Na mesma idea insiste o artigo 17.6 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia (SUG), que se refire á posibilidade de cooperación das universidades con organismos públicos de investigación e con empresas, entre outras opcións previstas para un mellor servizo á sociedade.

No marco da formación, investigación e transferencia de resultados no sistema universitario, o artigo 64 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentábel, dispón que as Universidades potenciarán as súas funcións de investigación básica e aplicada de transferencia do coñecemento á sociedade, para a mellora do benestar e a competitividade, mediante o desenvolvemento de proxectos e iniciativas de colaboración co sector produtivo. Esta colaboración poderá levarse a cabo mediante calquera instrumento admitido polo ordenamento xurídico, entre eles a creación de *cátedras-empresa* (art. 64.2, letra e, Lei 2/2011)

Baixo a denominación xenérica de *Cátedras Institucionais*, a USC vén desenvolvendo desde hai moito tempo relacións de colaboración con

empresas e outra entidades, tanto públicas como privadas, que dentro da súa heteroxeneidade conflúen no propósito común de que as actuacións desenvolvidas redunden non só en beneficio da comunidade universitaria, senón tamén das propias empresas e entidades patrocinadoras das cátedras.

O crecente número de cátedras constituídas nos últimos anos e a súa previsible progresión, de cara a conformar unha relación cada vez máis estreita e duradeira entre a Universidade de Santiago de Compostela e o seu contorno empresarial, organizativo e institucional, ademais dalgunhas modificacións normativas de alcance introducidas recentemente —é o caso da nova regulación dos convenios nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público— fan aconsellable a revisión e actualización do *Protocolo de creación e marco de actuación de cátedras institucionais da USC*, que fora aprobado polo Consello de Goberno no ano 2007, dotando á nova regulación de rango normativo regulamentario.

CAPÍTULO I

DEFINICIÓN, OBXECTIVOS E RÉXIME DE CREACIÓN DAS CÁTEDRAS INSTITUCIONAIS

Artigo 1. Definición

1. As Cátedras Institucionais son instrumentos específicos de colaboración da USC tanto con empresas como con outras entidades (fundacións, asociacións, centros de investigación, administracións públicas ou calquera outra organización con personalidade xurídica propia) coa finalidade do desenvolvemento e o incremento da oferta de actividades complementarias que contribúan á difusión da cultura, da calidade de vida e ao desenvolvemento sustentábel da sociedade. Constitúen ademais un medio ou instrumento para a captación de recursos externos á actividade universitaria, de cara á realización desas actividades.

En canto a súa natureza xurídica, ás Cátedras Institucionais teñen a consideración de estruturas de carácter mixto sen personalidade xurídica, e precisan como requisito previo para a súa formalización a sinatura do correspondente convenio constitutivo da cátedra.

Asemade, mediante convenio, poderán crearse Cátedras Institucionais de carácter interuniversitario, formalizar a adhesión a outras Cátedras

Institucionais previamente creadas por outras universidades ou que outras universidades se adhiran ás xa creadas na USC.

2. De xeito excepcional poderán constituírse cátedras que non estean vinculadas a convenios, senón que correspondan a compromisos derivados de doazóns, legados ou outras figuras semellantes.

Artigo 2. Obxectivos e finalidade

As Cátedras Institucionais terán como obxectivos e finalidade última a realización de actividades de formación, creación cultural e artística, promoción da investigación e innovación, desenvolvemento tecnolóxico, así como a divulgación e transferencia de coñecementos nunha área cultural, científica ou técnica de interese común, tomando como base o establecido no convenio constitutivo.

Entre os grupos de actividades que poderán programarse dentro dunha Cátedra figuran os seguintes:

- a) Actividades formativas, de apoio e promoción:
 - Organización de conferencias, seminarios, encontros e cursos de extensión universitaria.
 - Realización de prácticas de estudantes, curriculares ou extracurriculares.
 - Dotación de premios a proxectos, concursos de ideas e traballos fin de grao e máster.
 - Fomento da integración dos membros da comunidade universitaria no entorno da empresa.
 - Promoción de encontros con expertos e visitas a entidades, empresas e institucións.

- b) Actividades de promoción da investigación e innovación:
 - Potenciación de liñas ou proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) de interese conxunto.
 - Fomentar a participación en proxectos de investigación.
 - Promover a realización de TFG, TFM e teses de doutoramento.

- c) Actividades de difusión e transferencia de coñecemento:
 - Realización de xornadas de divulgación cultural, científica, social ou humanística.
 - Publicacións sobre temas de interese relacionados coa temática da Cátedra.

- Divulgación das actividades realizadas.

Artigo 3. Procedemento de creación

1. A iniciativa para a creación das Cátedras Institucionais da USC poderá corresponder ao equipo de goberno así como ao persoal docente e investigador con vinculación permanente avalado por algún ámbito da estrutura orgánica da USC (Centros, Departamentos ou Institutos). A iniciativa para a creación das Cátedras reguladas no artigo 1, apartado 2 corresponderá unicamente ao equipo de goberno.

2. A proposta de creación da Cátedra constará dunha memoria da que se dará conta á Vicerreitoría competente en materia de Cátedras Institucionais quen a someterá á decisión do equipo de goberno, emitindo dita Vicerreitoría o informe preceptivo correspondente. Na memoria faranse constar as razóns que xustifican a proposta, os obxectivos e o plan de desenvolvemento das actuacións previstas, así como as previsións do financiamento da Cátedra.

Será tamén preceptivo o informe do Centro, Departamento ou Instituto no ámbito da Cátedra, no suposto de que lle afecte e non sexa o autor da proposta.

3. No suposto de que a proposta obtivera informe favorable, iniciaranse os trámites para a redacción e posterior sinatura do correspondente convenio de colaboración.

4. A proposta de creación informada favorablemente e, no seu caso, o convenio que lle sirva de base, elevarase ao Consello de Goberno da USC para a súa aprobación.

5. As Cátedras Institucionais adscribiranse á Vicerreitoría competente en materia de cátedras.

Artigo 4. Acordo de aprobación e contido mínimo do convenio

1. No acordo de aprobación para a creación das Cátedras Institucionais adoptado polo Consello de Goberno incluírase, en todo caso, a súa denominación, obxecto, estrutura e financiamento.

2. O contido do convenio no que se formalizará a creación das Cátedras institucionais comprenderá, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) A denominación da Cátedra.
- b) As actividades a desenvolver no marco da Cátedra.
- c) A duración do convenio nas condicións establecidas no artigo 5 do presente regulamento.

- d) As condicións económicas, de acordo co disposto no capítulo III deste regulamento.
- e) As obrigas asumidas polas partes.
- f) A localización ou sede da Cátedra.
- g) A composición e funcións dos órganos da Cátedra, de acordo co disposto no capítulo II deste regulamento
- h) A enumeración dos equipamentos destinados ás actuacións previstas por cada unha das partes, de ser o caso.
- i) O compromiso de difusión da existencia e actividades da Cátedra.
- j) As consecuencias en caso de incumprimento das obrigas asumidas polas partes.
- k) O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución das actividades previstas nos termos fixados no artigo 11 deste regulamento.
- l) Os efectos da extinción do convenio sobre as actividades en execución.

3. O convenio designará como partes asinantes:

- Por parte da USC, ó/a Reitor/a.
- Por parte da/s entidade/s ou empresa/s patrocinadoras, a persoa ou persoas designadas con poderes suficientes para a sinatura do convenio.

4. Na procura da uniformidade na actuación, o modelo-tipo de convenio será o que se recolle como anexo a este regulamento.

Artigo 5. Duración e prórroga

1. Pola súa propia natureza, as Cátedras Institucionais requiren dunha permanencia das actividades vinculadas a elas. A duración mínima das cátedras será dun ano. Aquelas formalizadas mediante un convenio de colaboración terán en conta os prazos de vixencia previstos na Lei de Réxime Xurídico do Sector Público,

2. O convenio de colaboración poderá prorrogarse de forma expresa por acordo de ambas as dúas partes co límite máximo de oito anos de duración. Finalizado este prazo procederá formalizar un novo convenio.

3. A dirección da Cátedra Institucional será a encargada de presentar a proposta de prórroga á Vicerreitoría competente en materia de Cátedras Institucionais, sendo competente para a súa aprobación o Consello de Goberno.

4. No suposto de non haber prórroga, se existiran proxectos ou actividades no ámbito da Cátedra en período de execución, dito proxectos proseguirán ate o seu remate. De existir remanente de crédito este deberá destinarse a fins acordes cos obxectivos e finalidades da Cátedra.

Artigo 6. Extinción

A extinción das Cátedras Institucionais producirase de acordo co previsto no convenio de creación.

No suposto de inactividade da Cátedra ao longo dun ano, ou o incumprimento das obrigas e estipulacións contidas no convenio de colaboración, a Vicerreitoría competente en materia de Cátedras Institucionais deberá propoñer ó/á Reitor/a a denuncia do convenio e a extinción da Cátedra.

As Cátedras Institucionais non formalizadas mediante convenio de colaboración poderán extinguirse por acordo do Consello de Goberno a proposta vicerreitor do Reitor.

CAPÍTULO II

ESTRUTURA E DIRECCIÓN DAS CÁTEDRAS INSTITUCIONAIS

Artigo 7. Estrutura

1. As cátedras contarán coa seguinte estrutura organizativa:
 - a) Un Director ou Directora, quen actuará como órgano unipersonal de dirección e xestión da Cátedra.
 - b) Unha Comisión de Seguimento que actuará como órgano Colexiado, e que necesariamente figurará recollida no convenio de colaboración.
 - c) Adicionalmente poderán nomearse outros órganos consultivos, sempre que se xustifique a necesidade da súa existencia e resulten pertinentes atendendo á complexidade temática que se derive das actividades da Cátedra.

Artigo 8. Dirección da Cátedra

1. A condición de director ou directora da Cátedra recaerá nunha persoa de recoñecido prestixio profesional, técnico e científico no ámbito temático correspondente, con vinculación permanente como persoal docente e investigador (PDI) con dedicación a tempo completo á USC, ou ben nun profesor/a emérito/a da mesma.

2. A Cátedra poderá contar cunha Subdirección/Co-dirección de apoio, que será cuberta cunha persoa cuxa actividade garde igualmente relación coa temática da Cátedra.

3. A persoa designada para a dirixir a Cátedra será nomeada polo Reitor/a, a proposta da Vicerreitoría competente en materia de Cátedras Institucionais e oída a Comisión de Seguimento. Do seu nomeamento darase conta ao Consello de Goberno.

A persoa con funcións de subdirección/co-dirección será designada polo/a Reitor/a a proposta da Vicerreitor/a competente en materia de Cátedras Institucionais, coa iniciativa da Dirección da Cátedra.

4. A duración da dirección e da subdirección/co-dirección vincúlase ao período de vixencia do convenio, incluídas as prórrogas, podendo ser designados novamente no suposto de renovación do convenio ou ben cesar por decisión do Reitor/a ou por renuncia aceptada deste.

5. A xestión económica das cátedras contará co apoio do PAS da unidade orgánica onde estea vinculada a partida orzamentaria.

Artigo 9. Funcións da Dirección da Cátedra

1. O/a director/a da Cátedra xestionará e dirixirá as actividades relacionadas co ámbito temático desta, atendendo ás directrices da Comisión de Seguimento e co apoio, se é o caso, da persoa que ostente a subdirección da Cátedra.

2. Serán funcións do director, entre outras:

- a) A representación á Cátedra en cantas reunións, accións ou actividades o requiran.
- b) A elaboración, organización, coordinación e o desenvolvemento da programación anual de actividades e proxectos propios da Cátedra, que previamente valide a Comisión de Seguimento.
- c) A elaboración e xestión económica do orzamento anual necesario para levar a cabo as actividades programadas.

- d) A remisión de información á Comisión de Seguimento de cantas accións, xestións ou actividades se leven a cabo.
- e) A preparación anual da memoria de actividades e económica e presentala ante a Comisión de Seguimento.
- f) Achegar á Vicerreitoría competente en materia de Cátedras Institucionais os materiais divulgativos e publicitarios que se elaboren dentro do ámbito de actividade da Cátedra, unha vez revisados de que cumpren a normativa de imaxe corporativa.
- g) Aqueloutras que lle puideran ser conferidas.

Artigo 10. Comisión de Seguimento.

1. Nas Cátedras Institucionais existirá unha Comisión de Seguimento presidida polo vicerreitor/a competente en materia de Cátedras Institucionais.

2. Nas cátedras formalizadas a través de convenio, a composición da Comisión será paritaria, formando parte da mesma un número igual de representantes da USC e das empresas ou entidades patrocinadoras da Cátedra consideradas no seu conxunto.

Os representantes da USC serán designados polo/a Reitor/a.

3. Actuará como secretario da Comisión de Seguimento o director da Cátedra.

A totalidade dos integrantes da comisión terán dereito a voz e voto nas deliberacións e adopción de acordos.

4. A Comisión de Seguimento reunirse, presencial ou virtualmente, como mínimo unha vez ao ano en sesión ordinaria, podendo realizarse outras reunións a iniciativa da Presidencia ou a solicitude da metade máis un dos seus integrantes. Porén, para que se poidan adoptar acordos, deberán estar presentes as tres cuartas partes dos seus integrantes.

5. Serán funcións da Comisión de Seguimento:

- a) Aprobar o plan anual de actividades, xunto co orzamento correspondente, ademais de calquera modificación do mesmo.
- b) Recibir información sobre a marcha das actividades e proxectos, seguir e controlar a execución do plan anual de actividades e proxectos programados.
- c) Aprobar ao final de cada exercicio a memoria anual de actividades da Cátedra, xunto coa memoria económica que presentará a

Dirección. Ambas as dúas deberán remitirse á Vicerreitoría competente en materia de Cátedras Institucionais.

- d) Promover e autorizar a intervención doutras entidades que desexen colaborar coa Cátedra, en temas de interese común que favorezan a consecución dos seus obxectivos.
- e) Deliberar sobre calquera cuestión que poida xurdir relacionada coa Cátedra.
- f) Resolver as posibles controversias respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio de colaboración polo que se constitúe a Cátedra.

6. Correspóndelle á Vicerreitoría competente en materia de Cátedras Institucionais presentar ante o Consello de Goberno da USC a memoria económica e de actividades anuais da Cátedra.

CAPÍTULO III

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 13. Financiamento das Cátedras

1. As Cátedras Institucionais financiaranse coa achega económica anual á que se comprometan as entidades e empresas colaboradoras alleas á Universidade, mencionadas no artigo 1.1 deste regulamento, e sempre de acordo co estipulado no convenio de colaboración correspondente.

2. Establécese como dotación mínima anual para a creación e o mantemento dunha Cátedra Institucional a contía de 25.000 euros anuais. Excepcionalmente a dotación mínima anual poderá ser inferior cando a Cátedra sexa o resultado da colaboración con administracións ou entidades públicas e teña carácter estratéxico para USC.

3. As Cátedras Institucionais non formalizadas mediante convenio poderán obter financiamento externo de terceiras persoas froito de achegas persoais ou doazóns desinteresadas en réxime de mecenado, así como con cargo ao orzamento da USC para garantir o seu funcionamento básico.

Artigo 14. Xestión económica

1. A xestión económica das cátedras realizarase por parte da dirección da Cátedra, consonte á normativa vixente en materia económica actuando o seu Director como director de centro de gasto para o que se lle habilitará unha partida específica. Para estes efectos, as achegas que se reciban integraranse no orzamento da USC.

2. As cátedras poderán financiarse con ingresos adicionais procedentes das actuacións que leven a cabo, como pode ser a matriculación en cursos ou outras actividades que se organicen, consonte á normativa vixente da USC.

3. A cesión por parte da USC de bens ou equipamento necesario para o desenvolvemento das actividades da cátedra, non suporá alteración algunha da súa titularidade.

Artigo 15. Persoal colaborador

Poderán contar con persoal contratado pola/s empresa/s colaboradora/s estando baixo a dirección e supervisión directa dela/s, quen lle indicará as instrucións precisas para realizar o traballo encomendado, así como daquelas cuestións relativas a vacacións, permisos e licenzas. A persoa seleccionada e contratada para esta finalidade, de facer o seu traballo en dependencias da USC, identificarase como persoal da/s empresa/s colaboradora.

A USC e a/as empresa/s colaboradoras, en relación coa actividade da persoa contratada, darán cumprimento ó establecido na normativa vixente en temas de prevención de riscos laborais.

A simple colaboración nas actividades das cátedras institucionais non suporá o establecemento de relación laboral algunha coa USC, nin suporá por si so mérito para o acceso ó emprego público na USC.

Artigo 16. Tratamento fiscal

As achegas das entidades colaboradoras realizadas ao abeiro do convenio de colaboración que se subscriba poderán acollerse ao réxime fiscal previsto no artigo 25 e concordantes da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, sempre que cumpran os requisitos previstos na normativa tributaria.

CAPÍTULO IV

DIFUSIÓN E PUBLICIDADE DAS CÁTEDRAS

Artigo 17. Denominación e compromisos de difusión

1. Na denominación das Cátedras Institucionais farase referencia ao ámbito temático ao que se circunscribe, co seguinte formato aproximativo: "*Cátedra de* <ámbito temático da cátedra> da USC, podendo incluír o <nome da entidade/s colaboradora/s>.
2. A USC dará a coñecer e promoverá as actividades e proxectos que se desenvolvan na Cátedra. Con este obxectivo, poderá facer uso dos medios de difusión tanto internos como externos que se consideren pertinentes.
3. De igual modo, a USC poderá organizar os actos de recoñecemento e agradecemento ás entidades patrocinadoras das cátedras que considere oportunos., conforme á normativa de Honras e Distincións da USC.
4. A dirección das Cátedras institucionais dará constancia da participación e mecenado das empresas e entidades colaboradoras nas actividades desenvolvidas.

Artigo 18. Utilización de marcas

1. As entidades e empresas colaboradoras que patrocinen as actividades da Cátedra, farán uso da marca USC única e exclusivamente en relación coas actuacións desenvolvidas ao abeiro da Cátedra, debéndose respectar en todo caso a imaxe corporativa desta.
2. A utilización doutros logotipos e marcas que puideran derivarse da actividade das cátedras regularase no convenio de colaboración.

Artigo 19 . Cátedras Institucionais Interuniversitarias

1. Poderán crearse Cátedras Institucionais interuniversitarias, ou formalizar a adhesión ás previamente creadas por outras universidades, mediante un convenio que deberá recoller obxectivos e finalidades e ser obxecto de tramitación consonte cos artigos 2 e 3 do presente regulamento.
2. A condición de director ou directora das Cátedras Institucionais interuniversitarias deberá recaer nun membro do persoal docente e investigador con vinculación permanente dunha das universidades asinantes cuxa actividade investigadora garde relación co ámbito actividade da Cátedra. O convenio recollerá o procedemento de súa designación.

3. Os demais aspectos que afecten o funcionamento da cátedra interuniversitaria recolleranse no convenio de creación ou adhesión.

4. Ás Cátedras Institucionais vixentes na USC poderán adquirir carácter interuniversitario mediante a adhesión doutras universidades que se formalizará nun convenio entre todas as partes da cátedra.

Disposición transitoria

As Cátedras institucionais actuais adaptaranse ao establecido no presente regulamento cando proceda a renovación do convenio correspondente.

Disposición derogatoria

O presente regulamento deixa sen efecto o Protocolo de creación e marco de actuación cátedras institucionais da USC (aprobado no Consello de Goberno de 11 de outubro de 2007).

Disposición derradeira

O presente regulamento, unha vez aprobado polo Consello de Goberno da USC, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico da USC.

ANEXO MODELO-TIPO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A (<NOME DA EMPRESA OU INSTITUCIÓN>) PARA A CREACIÓN DA CÁTEDRA INSTITUCIONAL (<NOME DA CÁTEDRA>)

En Santiago de Compostela, a

REUNIDOS

Dunha parte, D. Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela segundo nomeamento efectuado polo Decreto 57/2018, de 31 de maio (DOG de 5 de xuño), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, e do artigo 82 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A e sede social no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, CP 15782 de Santiago de Compostela

E, doutra parte, D/D^a, en nome e representación da empresa/institución, CIF e domicilio social, da que é, actuando en virtude das atribucións que ten conferidas

As partes que interveñen recoñécense reciprocamente a plena capacidade xurídica e de obrar, así como a representación que respectivamente ostentan, asegurando que continúan vixentes nesta data os seus respectivos apoderamentos, e que teñen atribuídas as facultades suficientes para contratar e obrigarse, polo que, para ese efecto

MANIFESTAN

1. Que a USC é unha institución de dereito público que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a docencia, o estudio e a investigación.
2. Que (*nome da empresa/institución*) é unha que ten entre os seus obxectivos a
3. Que a USC e a (*nome da empresa ou institución*) desexan colaborar, mediante a creación da Cátedra Institucional na

En virtude do exposto, e co obxecto de fixar as condicións segundo que se rexerá tal colaboración, ambas partes conveñen celebrar o presente Convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto do presente Convenio é regular as condicións segundo as cales se rexerá a Cátedra de (en adiante denominada "Cátedra"), a cal é creada no presente acto polas dúas partes, coa finalidade de fomentar a docencia, investigación e difusión dos coñecementos no campo da

SEGUNDA.- Obxectivos.

Todas as actividades da Cátedra estarán dirixidas á consecución dos seguintes obxectivos:

- a) Realizar cursos, seminarios, conferencias e cantas actividades académicas redunden na difusión, o coñecemento e a práctica da

- b) Promover e organizar actividades que contribúan a facilitar a reflexión e o debate, co fin de acadar o seu mutuo enriquecemento intelectual e a mellora da súa formación.
- c) Colaborar cos profesores e Departamentos da USC en todo aquilo que favoreza a formación integral dos alumnos.
- d) Favorecer a difusión e o coñecemento das investigacións realizadas mediante publicacións e outras accións de comunicación.
- e) A creación e mantemento dun fondo bibliográfico e documental sobre as materias específicas da e as disciplinas con ela relacionadas.
- f) Facilitar a inserción profesional dos estudantes da USC participando, no seu caso, nas actividades realizadas pola Cátedra.
- g) Procurar que a se vincule cada vez máis estreitamente coa formación das promocións de formadas na Universidade de Santiago de Compostela.
- h) Fomentar a colaboración entre a USC e o sector profesional no ámbito de
- i) Outras

A Cátedra servirá, así mesmo, como instrumento para favorecer a colaboración entre investigadores, profesores e profesionais de renome internacional, tanto cos profesores e investigadores da USC como cos vinculados á

As actividades da Cátedra desenvolveranse en castelán, galego e inglés, e en calquera outro idioma que se considere idóneo.

TERCEIRA.- Dirección da Cátedra.

A Cátedra contará como órgano unipersonal con un/unha Director/a que será nomeado/a polo Reitor/a da USC a proposta da Vicerreitoría competente en materia de Cátedras Institucionais e oída a Comisión de Seguimento.

Ase mesmo, poderá designarse unha Subdirección/Co-dirección de apoio nomeada polo Reitor/a da USC a proposta da Vicerreitoría competente en materia de Cátedras Institucionais, coa iniciativa da Dirección da Cátedra.

Serán funcións da Dirección da Cátedra:

- Elaborar, organizar e desenvolver a programación anual de actividades e proxectos propios da Cátedra que previamente valide a Comisión de Seguimento.
- Elaborar e xestionar economicamente os presupostos anuais da Cátedra necesarios para o desenvolvemento da programación das actividades.
- Presentar á Comisión de Seguimento a memoria anual de actividades e a memoria económica da Cátedra.
- Presentar á Reitoría mostras dos materiais divulgativos e publicitarios que se elaboren dentro do ámbito de actividade da Cátedra.

CUARTA.- Comisión de Seguimento da Cátedra

A efectos de favorecer o establecemento dunha comunicación fluída entre a USC e a (*nome da empresa ou institución*), co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e mellorar a promoción e o seguimento das actividades e presupostos que se desenvolvan dentro do ámbito de actuación da Cátedra, constituirase unha Comisión de Seguimento paritaria presidida polo Vicerreitor/a competente en materia de Cátedras Institucionais. Dita Comisión reunirse, como mínimo, unha vez ó ano.

A súa composición será a seguinte:

Pola USC:

- O/A Vicerreitor/a con competencias en Cátedras Institucionais, que presidirá as reunións desta Comisión.
- O/A Director/a da Cátedra.

- Os/as profesores/as de que, por razón da materia, puideran estar vinculados á actividade da Cátedra.

Pola (nome da empresa/institución):

-
-
-

Actuará como Secretario/a da Comisión o Director/a da Cátedra.

A totalidade dos integrantes desta Comisión de Seguimento terán dereito a voz e voto nas deliberacións e adopción de acordos.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- Aprobar o plan anual de actividades, xunto co orzamento correspondente, ademais de calquera modificación do mesmo.
- Recibir información puntual sobre a marcha das actividades e proxectos programados.
- Promover e autorizar a intervención doutras entidades que desexen colaborar coa Cátedra en temas de interese común que favorezan a consecución dos seus obxectivos.
- Deliberar sobre calquera cuestión que poida xurdir relacionada coa Cátedra.
- Resolver as posibles controversias respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio de colaboración polo que se constitúe a Cátedra.

QUINTA.- Actividades da Cátedra.

A Dirección da Cátedra elaborará un Plan Anual de Actividades da Cátedra.

Cada actividade realizarase de acordo cos termos e condicións que se contemplan no correspondente proxecto, que deberá conter, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Definición do obxectivo que se persegue.
- b) Descrición do plan de traballo, que incluíra as distintas fases do mesmo e a cronoloxía do seu desenvolvemento.
- c) Presuposto total desglosado por conceptos.
- d) Medios materiais e humanos que requira a actividade.
- e) Normas para a coordinación, execución e seguimento do proxecto.
- f) Nome da persoa designada respectivamente pola Universidade e pola (*nome da empresa/institución*) responsables da actividade.

SEXTA.- Obrigas da USC.

A Universidade de Santiago de Compostela proporcionará o espazo físico, de uso non necesariamente exclusivo, e os medios materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades da Cátedra (*<indicar a localización ou sede da Cátedra>*)

SÉTIMA.- Obrigas da (*Empresa/institución*)

A (*nome da empresa/institución*) financiará a Cátedra cunha aportación fixa anual de (*mínimo 25.000 €*), ingresando esta cantidade na conta bancaria que a USC designe coa sinatura do presente convenio.

O resto de aportacións anuais efectuaranse no primeiro trimestre de cada ano natural.

Poderanse realizar plans de financiamento da Cátedra por parte de terceiros interesados en colaborar coas actividades da mesma, así como solicitudes de financiamento en convocatorias públicas.

OITAVA.- Confidencialidade e difusión das actividades.

As partes comprométense a non difundir, baixo ningún concepto, calquera información referente a aspectos científicos, técnicos, ou de organización interna pertencente á outra parte, á que puidese ter acceso na execución deste Convenio, salvo que esas informacións sexan de dominio público.

As partes, de mutuo acordo, acordarán as accións de comunicación oportunas para a difusión dos resultados das actividades programadas.

En todas as comunicacións públicas das actividades da Cátedra, en publicacións ou noutros medios de difusión, deberá constar a colaboración entre a USC e a (*nome da empresa/institución*)

NOVENA.- Dereitos de propiedade Intelectual e Industrial.

Todos os dereitos de Propiedade Intelectual e Industrial que puidesen desenvolverse durante a execución do exercicio das actividades da Cátedra pertencerán ás Partes, como titulares dos mesmos, debéndose citar aos autores. Na explotación dos dereitos a participación será proporcional a aportación realizada na consecución dos mesmos.

DÉCIMA.- Vixencia do Convenio.

O presente Convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura e terá unha vixencia de anos, podendo ser renovado por acordo expreso por unha duración máxima de (ter presente o establecido na Lei de Réxime Xurídico do Sector Público vixente á sinatura do Convenio)

Finalizada a vixencia do convenio a USC poderá seguir desenvolvendo as actividades programadas pendentes de execución, destinando os remanentes de crédito que houberse aos fins da cátedra.

UNDÉCIMA.- Novación.

Ningunha das partes poderá ceder a un terceiro os dereitos e obrigas adquiridas en virtude do presente Convenio, salvo expresa autorización por escrito da outra parte do convenio.

Así mesmo, calquera modificación que as partes acorden realizar sobre o presente Convenio deberá ser aprobada polos órganos de goberno das dúas institucións e subscrita polos seus representantes legais como adenda ao presente convenio.

DUODÉCIMA.- Protección de datos e Publicidade do convenio

A USC e a (*nome da empresa/institución*) respectarán todas as previsións legais establecidas na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e no Regulamento Xeral de Protección de Datos.

A estes efectos, os datos persoais que figuran neste documento van a ser utilizados pola USC para a tramitación do procedemento de aprobación e execución do Convenio, sen os cales non sería posible tramitalo.

A información adicional sobre protección de datos de carácter persoal na USC pode solicitarse no enderezo electrónico dpd@usc.es e se lle informará do responsable do tratamento, do delegado de protección de datos, dos fins do tratamento e a súa base xurídica, da lexitimación do tratamento, dos destinatarios dos seus datos e dos dereitos que se poden exercer.

Ase mesmo, a USC dispón dunha política de privacidade e protección de datos en:

<http://www.usc.es/es/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html>,

Tamén pode accederse a información adicional sobre protección de datos na web:

<http://www.usc.es/es/normativa/protecciondatos/index.html>

A información sobre protección de datos da (*nome da empresa/institución*) poderá solicitarse no enderezo electrónico:

En aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, os datos relativos as partes asinantes, obxecto do convenio , prazo de duración, obrigados ás prestacións e no seu caso as obrigas económicas convidadas, poden ser obxecto de publicación pola USC.

DUODÉCIMA.- Resolución de controversias.

As partes comprométense a realizar todos os esforzos razoables para resolver de xeito amigable, a través da Comisión de Seguimento, calquera desacordo que se puidese derivar da interpretación ou execución deste convenio.

No caso de que as partes non puidesen resolver amigablemente as controversias, someteranse expresamente á xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter público da Universidade.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Convenio constitúe o acordo íntegro e definitivo das partes respecto da materia obxecto do mesmo, substituíndo e anulando a toda correspondencia, cartas de intencións e acordos verbais ou escritos que previamente poidan existir entre as partes.

En proba de conformidade coas anteriores estipulacións, ambas partes asinan por duplicado e a un só efecto o presente Convenio no lugar e data sinalada no encabezamento.

**Pola Universidade de
Santiago de Compostela**

O/A Reitor/a,

**Pola (nome da empresa/
institución)**

O/A.....

Asdo.:

Asdo.:

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 26/06/2020 20:38:36.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 25/06/2020 20:55:59.

CSV: A5EE-7618-4CC8-8B9B